

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2010	PE403A 2009/79-1
Entidade	CONFRARIA DE AGUIÑO	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACION	
Modalidade⁽³⁾	EMBARCACIÓN	

Especies	Ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), Ameixa rubia (<i>Ruditapes rhomboideus</i>) e Carneiro (<i>Venus verrucosa</i>)
Ámbito do plan	Autorizacións marisqueiras
Subzonas de explotación	Zona A (Carreiro), zona B (Sálvora) e zona C (O Castro)

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	110	-
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		
		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	185											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	Sistema rotativo											
Modalidade⁽³⁾: Flote												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ameixa babosa	-	30 kg	10 kg
Ameixa rubia	-	75 kg	25 kg
Carneiro	-	30 kg	10 kg

Artes a empregar	Rastro de ameixa e gancha.
-------------------------	----------------------------

Puntos de control	Zonas de traballo e punto de descarga (Peirao de Aguiño)
Puntos de venda	Lonxa de Aguiño (vendeduría da confraría)

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas:	Carreiro-Castro-Sálvora											
Especies:	Ameixa babosa											



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras			X	X	X				X	X		
Zonas: Carreiro-Castro e Sálvora												
Especies: Ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Sálvora e Carreira-Castro												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ambito: a zona de traballo subdivídese en tres zonas, todas elas dentro da autorización administrativa.

- Zona A (Carreiro): entre Petóns de Centoleira, Con de Agosto, praia de Carreira e praia de Aguiño
- Zona B (Sálvora): entre norte de Vionta, Cabaceiro Grande, punta Castillo e punta Lagos. Incluída dentro do ámbito do P.N. Illas Atlánticas
- Zona C (Castro): entre o illote Rabuda, illote Redonda Vella, punta do Castro e praia de Carreira.

Xestión da explotación: Establécese unha rotación de zonas de xeito que cada unha quedará vedada o tempo suficiente para a súa recuperación. O feito de que a zona B estea incluída no ámbito do P.N. Illas Atlánticas obriga a que nos meses nos que se traballe nesta zona permanezan pechadas as outras dúas.

Participantes: no plan inclúense un total de 112 embarcacións, pero conforme aos datos da Consellería hai 110 embarcacións asociadas á confraría de Aguiño con marisqueo (Z39 no seu permiso. No listado facilitado pola entidade aparecen incluídas as embarcacións, que conforme aos datos da Consellería non dispoñen no seu permiso de explotación do "marisqueo (Z3)" senón de "libre marisqueo" (Z3), polo que deben ser excluídas do plan. Tamén deben ser excluídas do plan as embarcaciónspor ter o permiso de explotación denegado, epor ter o permiso de explotación caducado.

Pola contra, non aparecen as embarcacións que, conforme aos datos da Consellería, pertencen á confraría de Aguiño e dispoñen no seu permiso de explotación de marisqueo (Z3).

Días máximos de extracción: Co obxecto de adaptar o calendario á actividade extractiva real



non se acepta a proposta de incrementar o número máximo de días autorizados con respecto ao plan en vigor, polo que queda fixado en 185 días.

Topes de captura: Cada día de traballo só se pode extraer ou ben o tope de ameixa babosa ou ben o de ameixa rubia. Engádese unha equivalencia de ameixa rubia:ameixa babosa de 3:1, de modo que se non se acaba o tope da especie elixida poderase extraer a outra especie segundo esta equivalencia.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Mellora da produción: Valóranse positivamente as actividades previstas de traslados, limpeza... así como a participación dos mariscadores nas vixilancias, pero deben especificar as épocas probables nas que se desenvolverán estes traballos e a súa organización.

Puntos de control: Deben elaborar as normas de funcionamento dos puntos de control e designar ás persoas responsables. O paso polos puntos de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Réxime sancionador: O plan reflicte que o incumprimento das normas de xestión, control e vixilancia por parte dos mariscadores, conlevará, mediante o oportuno procedemento, a aplicación das sancións pertinentes.

En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Deberán **achegar** a seguinte documentación:

- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010.
- Documentación acreditativa da aprobación do plan pola asemblea da agrupación.
- Normas de funcionamento dos puntos de control.

Informe do P.N. das Illas Atlánticas: (2 de decembro de 2009):

A administración do Parque Nacional informa favorablemente este plan de explotación para o ano 2010, a condición de que se respecten as normas que o Parque Nacional ten, ddos os seus



obxectivos de conservación dos recursos naturais, polo que se engaden as seguintes consideracións.

- Non se debería aumentar o esforzo pesqueiro con respecto ao ano 2009: nin número de embarcacións, nin número de mariscadores, nin número de días ao ano, nin aumento de cotas polo que se considera favorable para a evolución do recurso. Infórmase desfavorablemente o aumento do número de días ao ano, solicítanse 256 para 2010, en lugar dos 185 aprobados no plan do 2009.
- As operacións de semicultivo (traslado de semente, rareos e resembrado) que se inclúen no apartado PROGRAMACION DE TRABALLOS A REALIZAR, non son labores compatibles cos obxectivos de conservación do Parque Nacional.
- En canto á limpeza de algas, estrelas de mar e outros organismos, así como descompactación do terreo, unicamente poderán realizarse se previamente á súa realización se envía informe biolóxico sobre a súa conveniencia, coa autorización da Dirección do Parque.
- Como norma xeral, infórmase desfavorablemente a extracción nas zonas de maërl: no caso do arquipélago de Sálvora, a zona de fondos de maërl coincide coa zona de explotación marisqueira a flote, e para respectar estas normas de conservación, ten que ser sempre actuando con artes de tracción manual e tratando de non danar este tipo de fondos.
- No PN vese a urxencia de realizar un estudo en condicións dos fondos submariños de maërl para coñecer a súa abundancia, seguimento estacional e zonificación e así poder marcar unhas áreas a conservar máis concretas. Desta forma poderíase estudar tamén o efecto que o marisqueo ocasiona na zona. Hai que ter en conta que estes fondos, son hábitats de alta biodiversidade e ademais, constitúen unha importante zona de cría xa que o substrato que o forman, é idóneo para a fixación e cría de larvas de moluscos.
- Considérase necesario un punto de control para as extraccións na zona do parque e que proporcione á dirección do parque os datos de captura no arquipélago de Sálvora.